#### ***Comunicación lingüística***

- Comprender o sentido dos textos escritos: Le de xeito comprensivo o texto «O álbum de cromos», así como dos diferentes contidos e tarefas desenvolvidas na unidade, de forma individual e colectiva.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.***

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia: utiliza datos numéricos, táboas de datos, gráficos...

### ***Competencia dixital***

- Empregar distintas fontes para a busca de información: usa e manexa táboas, gráficos e imaxes para a recollida de información relacionada cos fenómenos atmosféricos e a predición do tempo.

### ***Aprender a aprender.***

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe: aplica os contidos e aprendizaxes relacionadas coa limpeza do aire.
- *Intelixencias múltiples:* Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: ten capacidade para presentar ideas visualmente, crear imaxes mentais, percibir detalles visuais, debuxar e confeccionar esquemas mentais.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Involucrarse ou promover accións cun fin social: participación de forma activa na mellora e conservación do planeta reducindo os factores que inflúen no cambio climático.
- *Educación en valores:* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Ser constante no traballo superando as dificultades: identifica os seus erros na tarefa.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico: é consciente da necesidade de respectar e valorar o patrimonio natural do planeta.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: realiza o traballo con pulcritude.

## **UNIDADE 4: A POBOACIÓN**

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda quincena de febreiro e mes de marzo.

- O estudo da poboación: o padrón e o censo.
- A poboación cambia: a natalidade e a mortalidade, a emigración e a inmigración. A poboación española.
- A composición da poboación: clasificación.
- A poboación en España e en Galicia.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Coñecer que é a poboación e como se contabiliza e estuda.
2. Definir e coñecer conceptos poboacionais que se utilizan para o estudo da poboación.
3. Coñecer como se clasifica a poboación.
4. Coñecer a poboación de España e de Galicia.

### **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- 1.1. Coñece o censo de poboación e o padrón municipal. (CCL, CMCT, CD)
- 2.1. Define natalidade e mortalidade, crecemento natural e crecemento real. (CCL, CMCT, CD)
- 2.2. Define e coñece que é a inmigración e a emigración. (CCL, CMCT, CD)
- 2.3. Clasifica a poboación en relación co traballo, distinguindo entre poboación activa e poboación non activa. (CCL, CMCT, CD)
- 3.1. Coñece como se clasifica a poboación segundo o sexo, o traballo que realiza e o lugar onde vive. (CCL, CMCT, CD)
- 4.1. Coñece a evolución da poboación de España, a migración e a poboación laboral. (CMCT, CD, CAA)
- 4.2. Coñece o estado da poboación de Galicia. (CMCT, CD, CAA)



## **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- 1.1. Coñece o censo de poboación e o padrón municipal. (CCL, CMCT, CD)
- 2.1. Define natalidade e mortalidade. (CCL, CMCT, CD)
- 2.2. Coñece que é a inmigración e a emigración. (CCL, CMCT, CD)
- 3.1. Coñece como se clasifica a poboación segundo o sexo, o traballo que realiza e o lugar onde vive. (CCL, CMCT, CD)
- 4.2. Coñece o estado da poboación de Galicia. (CMCT, CD, CAA)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Comprender o sentido dos textos escritos: le de xeito comprensivo o texto «lmos contarnos!» así como os diferentes contidos e tarefas desenvolvidos na unidade, de forma individual e colectiva.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.***

- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás: resolve problemas matemáticos aplicados á vida cotiá relacionados coa poboación. Calcula a densidade de poboación. Interpreta gráficas, escalas e táboas.

### ***Competencia dixital***

- Empregar distintas fontes para a busca de información. Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade: utiliza as TIC para a busca de información nas actividades consideradas e a elaboración de traballos (censos, enquisas...).

### ***Aprender a aprender.***

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos: utiliza mapas conceptuais, resumos, táboas, recursos dixitais... como estratexia para mellorar a aprendizaxe dos contidos da unidade.
- *Intelixencias múltiples:* Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: ten capacidade para presentar ideas visualmente, crear imaxes mentais, percibir detalles visuais, debuxar e confeccionar esquemas mentais.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos: participa en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas e aos demais.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Ser constante no traballo superando as dificultades: Identifica os seus erros nas tarefas, aprendendo deles e facéndoos partícipes da súa aprendizaxe.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: Desenvolve o sentido do gusto e a valoración estética dun traballo ben feito, á hora de realizar un censo ou unha pirámide de poboación.

## ***UNIDADE 5: A PENÍNSULA IBÉRICA NA PREHISTORIA***

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Mes de abril e primeira semana de maio.

- Que é a historia? O paso do tempo, a historia e o tempo histórico, as fontes históricas.
- A Prehistoria na península ibérica.
- A Prehistoria e as súas etapas.
- Datación e características.
- As formas de vida.

- Invencións significativas.
- Manifestacións culturais, artísticas e arquitectónicas da Prehistoria.
- O Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais. Depósitos máis significativos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Explicar e definir que é a historia.
2. Definir fonte histórica e nomear e identificar diferentes tipos de fontes históricas.
3. Situar o período da prehistoria no tempo.
4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis relevantes da Prehistoria na súa comunidade e na península ibérica, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
5. Datar a Prehistoria e coñecer as características das formas de vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide: Paleolítico e Neolítico.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- 1.1. Define historia e explica os conceptos de temporalidade, presente, pasado e futuro. (CCL, CMCT, CD)
- 2.1. Define fonte histórica e nomea e identifica diferentes tipos de fontes históricas. (CCL, CMCT, CD)
- 3.1. Define Prehistoria e sitúaa no tempo. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 3.2. Identifica os diferentes períodos da Prehistoria na península ibérica: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais. (CMCT, CD, CAA)
- 4.1. Identifica e localiza no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos máis relevantes da Prehistoria. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 5.1. Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria (Paleolítico e Neolítico) e describe as características básicas da vida nestas dúas épocas: vivenda, vestido, ferramentas, traballos, organización social, manifestacións artísticas, crenzas, etc. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 5.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandaría, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.

(CCL, CMCT, CD, CAA)

5.3. Relaciona o desenvolvemento dos transportes durante o Neolítico co desenvolvemento do comercio. (CCL, CMCT, CD)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Define historia e coñece os conceptos de presente, pasado e futuro. (CCL, CMCT, CD)

2.1. Define fonte histórica e coñece algunhas delas. (CCL, CMCT, CD)

3.2. Identifica os diferentes períodos da Prehistoria na península ibérica: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais. (CMCT, CD, CAA)

4.1. Identifica e localiza no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos máis relevantes da Prehistoria. (CCL, CMCT, CD, CAA)

5.2. Valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería. (CCL, CMCT, CD, CAA)

### **COMPETENCIAS CLAVE**

#### ***Comunicación lingüística***

- Comprender o sentido dos textos escritos: le de xeito comprensivo o texto «A vida dos nosos antepasados», así como os diferentes contidos e tarefas desenvolvidos na unidade, de forma individual e colectiva.

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.***

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto: resolución de problemas matemáticos aplicados á vida cotiá, relacionados coas actividades que se levaron a cabo na península ibérica durante a prehistoria.

#### ***Competencia dixital***

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria: uso e manexo de táboas, gráficos e imaxes para a recollida de información relacionada coa cultura prehistórica.

### ***Aprender a aprender.***

- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe: aplicación dos contidos e aprendizaxes relacionadas coa prehistoria.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: Representa ideas e conceptos graficamente.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas: analiza situacións que dan lugar a reflexión, como as formas de vida prehistóricas.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: participación en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas e aos demais.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Ser constante no traballo superando as dificultades: identifica os seus erros nas tarefas, aprendendo deles e facéndoos partícipes da súa aprendizaxe.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: realiza o traballo con pulcritude.

## ***UNIDADE 6: A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE ANTIGA***

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda, terceira e cuarta semana de maio e primeira quincena de xuño.

- A Idade Antiga. Características.

- Os pobos prerromanos.
- Os pobos colonizadores.
- Formas de vida.
- Actividades económicas e producións dos seres humanos da Idade Antiga.
- A romanización.
- O legado cultural romano.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Datar a Idade Antiga e coñecer as características das formas de vida humana neste período.
2. Coñecer os pobos prerromanos.
3. Coñecer os pobos colonizadores do Mediterráneo.
4. Explicar o proceso de romanización da península ibérica e analizar os aspectos relacionados coa forma de vida e a organización do pobo romano.
5. Identificar as manifestacións culturais e artísticas propias da Idade Antiga.

### **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- 1.1. Coñece os diferentes pobos que colonizaron a península ibérica durante a Idade Antiga. (CMCT, CD)
- 2.1. Identifica os iberos e os celtas como pobos prerrománicos propios da península ibérica, así como outras grandes civilizacións da Idade Antiga. (CCL, CMCT, CD)
- 3.1. Recoñece os fenicios, os gregos e os cartaxineses como pobos colonizadores do Mediterráneo. (CCL, CMCT, CD)
- 4.1. Explica a conquista romana da Península e coñece a organización territorial da Hispania romana. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 4.2. Data a Idade Antiga e describe as formas de vida naquel tempo, en especial as referidas á civilización romana. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 4.3. Recoñece os diferentes tipos de vivendas e as construcións máis significativas na época dos romanos na Península. (CCL, CMCT, CD)

4.4. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e a organización social da época dos romanos en España. (CCL, CMCT, CD)

5.1. Describe algunhas manifestacións culturais e artísticas das distintas etapas da historia estudadas, e cita obras representativas. (CCL, CMCT, CD, CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Coñece os diferentes pobos que colonizaron a península ibérica durante a Idade Antiga. (CMCT, CD)

4.1. Identifica a conquista romana da Península e coñece a organización territorial da Hispania romana. (CCL, CMCT, CD, CAA)

4.3. Recoñece os diferentes tipos de vivendas e construcións máis significativas na época dos romanos na Península. (CCL, CMCT, CD)

4.4. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e a organización social da época dos romanos en España. (CCL, CMCT, CD)

### **COMPETENCIAS CLAVE**

#### ***Comunicación lingüística***

- Comprender o sentido dos textos escritos: lectura comprensiva do texto «Que bonito é o noso mosaico!» así como dos diferentes contidos e tarefas desenvolvidos na unidade, de forma individual e colectiva.

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.***

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto: resolución de problemas matemáticos aplicados á vida cotiá, relacionados coas actividades que se levaron a cabo no noso país polas distintas civilizacións da Idade Antiga.

#### ***Competencia dixital***

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria: uso e manexo de táboas, gráficos e imaxes para a recollida de información relacionada coas culturas da Idade Antiga.

### ***Aprender a aprender.***

- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe: aplicación dos contidos e aprendizaxes relacionadas coa Idade Antiga na Península Ibérica.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: Representa ideas e conceptos graficamente.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas: analiza situacións que dan lugar a reflexión, como os estamentos e as clases sociais.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: participación en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas e aos demais.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Ser constante no traballo superando as dificultades: identifica os seus erros nas tarefas, aprendendo deles e facéndoos partícipes da súa aprendizaxe.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: realiza o traballo con pulcritude.

# **CIENCIAS NATURAIS**

## **3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA DE 4º**

1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano (anatomía, fisioloxía, localización, forma, estrutura, funcións, cuidados, etc.).



2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
3. Desenvolver hábitos saudables de alimentación, hixiene e exercicio físico, así como discriminar as actividades nocivas para a saúde.
4. Coñecer os diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos, e diferenciando os reinos.
5. Clasificar plantas por especies segundo criterios científicos como a súa reprodución ou morfoloxía, e recoñecer especies utilizando claves ou pautas sinxelas.
6. Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara ás diferentes formas de vida.
7. Coñecer as características dos animais vertebrados e invertebrados, e clasificalos.
8. Identificar e explicar as relacións entre os seres vivos.
9. Identificar as principais características e os compoñentes dun ecosistema.
10. Recoñecer diferentes hábitats dos seres vivos.
11. Discriminar as propiedades dos materiais e dos distintos obxectos que se fabrican grazas a eles. e clasificar algúns materiais segundo as súas propiedades.
12. Coñecer os distintos tipos de enerxía, as súas fontes e as máquinas coas que se obteñen.
13. Explicar os beneficios e os riscos relacionados co uso da enerxía, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
14. Coñecer os protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.
15. Adquirir estratexias de resolución de conflitos e relación social.
16. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos da observación directa e indirecta a partir da consulta de diversas fontes e comunicando resultados.
17. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun

experimento ou dunha experiencia ou empregando programas informáticos sinxelos de simulación científica.

18. Utilizar diferentes técnicas de exposición oral e escrita dos resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos.

19. Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.

20. Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións, apoiando o discurso en datos gráficos.

21. Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais, fomentando os principios e os valores da interacción social.

22. Desenvolver as capacidades de resolución de conflitos e autonomía como factores de desenvolvemento e crecemento persoal.

23. Realizar un proxecto e presentar un informe.

#### **4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos van clasificados en cinco grandes bloques:

##### **Bloque 1. Iniciación á actividade científica**

- Iniciación á actividade científica.
- Aproximación experimental a algunhas cuestións relacionadas coas Ciencias da Natureza.
- Utilización de diferentes fontes de información.
- Observación directa e indirecta da natureza empregando instrumentos apropiados a través do uso de libros, medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Lectura, análise e síntese de textos propios da área
- Utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.

- Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula, no centro e na utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade e o coñecemento dos protocolos de actuación no caso de necesidade.
- Hábito de prevención e coidado no manexo de redes e materiais dixitais e coñecemento do uso responsable e seguro das tecnoloxías e da internet.
- Traballo individual e en grupo.
- Técnicas de estudo e traballo. Desenvolvemento de hábitos de traballo. Esfuerzo e responsabilidade.
- Planificación de proxectos e presentación de informes.
- O respecto das normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

## **Bloque 2. O ser humano e a saúde**

- Funcións vitais no ser humano: función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor) e función de nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- As enfermidades comúns que lles afectan aos aparatos e aos sistemas do organismo humano.
- Os hábitos saudables para previr enfermidades.
- A conduta responsable.
- Os avances científicos que melloran a vida.
- Protocolos de actuación ante accidentes escolares e domésticos.
- A toma de decisións: criterios e consecuencias. A resolución pacífica de conflitos.
- As estratexias de relación social. Lecer saudable.

## **Bloque 3. Os seres vivos**

- Funcións vitais dos seres vivos: nutrición, relación e reprodución de animais e plantas.
- Os reinos dos seres vivos.

- As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.
- Características, compoñentes e relacións entre os compoñentes dun ecosistema.
- Ecosistemas do seu ámbito: pradería, poza, bosque, litoral e cidade e os seres vivos.
- Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- A conservación do medio. Os factores de contaminación e rexeneración. Figuras de protección.
- As normas de prevención de riscos.
- Uso de medios tecnolóxicos ou mostras reais para o estudo dos seres vivos.

#### **Bloque 4. Materia e enerxía**

- Estudo e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades. Utilidade polas súas propiedades.
- Utilidade dalgúns innovacións en produtos e materiais para o avance da sociedade.
- Diferentes procedementos para a medida da masa dun corpo.
- Comportamento dos corpos ante a luz. Reflexión e refracción. Descomposición da luz branca. A cor. Identificación das cores básicas.
- Predición de alteracións no movemento e na forma dos corpos por efecto das forzas e os cambios de estado.
- Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Intervención da enerxía na vida cotiá.
- Fontes de enerxía renovables e non-renovables. O desenvolvemento enerxético, sustentable e equitativo. Uso responsable das fontes de enerxía no planeta.

#### **Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas**

- Máquinas e aparatos.
- A panca: funcionamento, tipos de pancas e os seus diferentes usos e aplicacións na vida cotiá.

- Análise e funcións de operadores e utilización na construción dun aparato.
- Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. Planificación, montaxe e desmontaxe.
- Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.
- Importantes descubrimentos e inventos.
- Biografías de inventores e científicos.
- Tratamento de textos.
- Busca guiada de información na rede.
- Control do tempo e uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.

## **5. COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO**

Estas competencias vanse tratar en todas as áreas. Son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (AA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

## **6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Estes elementos traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Falaremos deles respectando en todo momento o tratamento específico

nalgunhas áreas. Estes son:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

## **7. CONTIDOS TEMPORALIZADOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR UNIDADES. MÍNIMOS ESIXIBLES. COMPETENCIAS CLAVE RELATIVAS A CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.**

### ***UNIDADE 1: OS SERES VIVOS. AS PLANTAS***

#### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda quincena de setembro e mes de outubro.

- Organización dos seres vivos e clasificación dos principais reinos.
- Partes e estrutura dunha planta, e tarefas que realiza relacionadas coa función de nutrición.
- Como se alimentan as plantas. A fotosíntese, a respiración e os refugallos.
- Importancia da fotosíntese no planeta.
- Función de relación no reino das plantas. Algúns tropismos e comportamentos das plantas nas estacións.
- Reprodución sexual das plantas con flores e mediante sementes.
- Algunhas formas de reprodución sen sementes de plantas que poden formalas. Vantaxes destas formas de reprodución.
- Crecemento e idade das árbores.
- Utilización de diferentes recursos para identificar e describir partes das

plantas, tipos de plantas e procesos que realizan.

- Realización de experimentos para comprobar hipóteses sobre fototropismos e a importancia da humidade na xerminación das sementes.
- Aprecio da importancia das plantas para o ser humano e para o resto de seres vivos, e respecto ás plantas do ámbito.
- Valoración da importancia da auga para as plantas (a fotosíntese) e para todos os seres vivos.
- Ciclo da auga.
- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas.
- Comprensión da realidade e exercicio dunha cidadanía construtiva e respectuosa coa natureza.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre as plantas.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplicala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar os problemas e defender opinións. Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural.
- Coidado da estética na elaboración de traballos e presentacións.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Coñecer as características básicas dos seres vivos e identificar e clasificar os principais grupos de seres vivos.
2. Nomear as substancias que usa a planta para fabricar os seus alimentos e os produtos de refugallo, e describir ordenadamente as fases nas que se realiza a fotosíntese.
3. Coñecer e valorar a importancia da fotosíntese no planeta.

4. Identificar mecanismos que usan as plantas para realizar a súa función de relación, e coñecer as súas respostas ante os cambios estacionais.
5. Coñecer as partes da flor, dos froitos e das sementes, e os mecanismos de reprodución das plantas mediante sementes.
6. Coñecer algúns mecanismos de reprodución asexual de plantas que tamén poden facelo mediante sementes, e identificar algunhas vantaxes destas formas de reprodución.
7. Valorar a importancia da auga para as plantas, en relación coa fotosíntese, e para todos os seres vivos. Adquirir unha idea do ciclo da auga.
8. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre as plantas, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos sobre vexetación.
9. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para determinar idades e resolver problemas sobre o crecemento das plantas.
10. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.
11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no traballo en grupo.
12. Apreciar o valor cultural do patrimonio natural e coidar a estética á hora de elaborar traballos e presentacións.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- 1.1. Coñece e describe as principais características dos seres vivos, define célula e clasifica os seres vivos en cinco reinos.(CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC)
- 2.1. Nomea as substancias que usa a planta para fabricar os seus alimentos, as que produce e as que desbota. (CCL, CMCT, CD)
- 2.2. Define e describe as fases nas que se produce a fotosíntese e a respiración das plantas. (CCL, CMCT, CD)
- 3.1. Describe as repercusións da fotosíntese para os seres vivos, para o ser humano e na composición da atmosfera. (CCL, CMCT, CD, CSC)



- 4.1. Describe comportamentos das plantas ante a humidade, a luz e a gravidade, e cambios que se producen nas plantas asociados á sucesión das estacións. (CCL, CMCT, CD)
- 5.1. Define e describe cada unha das fases da reprodución mediante semente. Identifica distintos froitos e sementes, así como as súas partes. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 6.1. Coñece e describe distintos mecanismos de reprodución asexual de plantas, así como as vantaxes e inconvenientes de ambos os dous modos de reprodución en plantas que producen flores. (CCL, CMCT, CD)
- 7.1. Coñece a importancia da auga para o desenvolvemento da vida e describe brevemente o ciclo da auga. (CCL, CMCT, CD, CSC)
- 8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre as plantas, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura sobre vexetación. (CCL, CMCT, CD)
- 9.1. Aplica operacións matemáticas para resolver problemas de idades de árbores con reconto de aneis de crecemento. (CCL, CMCT)
- 10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC,CSIEE)
- 12.1. Valora positivamente a importancia cultural do patrimonio natural e coida a estética cando realiza traballos. (CCL, CMCT,CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- 1.1. Coñece e describe as principais características dos seres vivos e clasifica os seres vivos en cinco reinos.(CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC)
- 2.2. Describe as fases nas que se produce a fotosíntese e a respiración das plantas. (CCL, CMCT, CD)
- 5.1. Define e describe cada unha das fases da reprodución mediante semente. Identifica distintos froitos e sementes. (CCL, CMCT, CD, CAA)
- 7.1. Coñece a importancia da auga para o desenvolvemento da vida e describe brevemente o ciclo da auga. (CCL, CMCT, CD, CSC)

8.1. Adquire vocabulario básico sobre as plantas e mostra interese pola lectura sobre vexetación. . (CCL, CMCT, CD)

11.1. Utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade para elaborar traballos.(CCL, CMCT, CD, CSC,CSIEE)

12.1. Participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT,CCEC)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas: describe ordenadamente a fotosíntese e a reprodución das plantas.
- *Plan lector*: Gozar coa lectura: le a lectura inicial «A árbore e o vento» e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso: é respectuoso coas plantas do seu ámbito máis próximo.

### ***Competencia dixital***

- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento: visualiza os recursos dixitais asociados á unidade (vídeos e presentacións) e realiza as actividades interactivas.

### ***Aprender a aprender***

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos: representa nun esquema o proceso da fotosíntese.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: formula hipóteses e realiza un experimento promovendo o desenvolvemento da súa intelixencia natural e científica, especialmente.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela: recoñece a importancia das plantas para a biosfera e mostra respecto cara ás plantas do ámbito.

- *Educación en valores:* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: fomenta o compañeirismo nas actividades desenvolvidas en grupo.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos: propón hipóteses e planifica experiencias para observar as plantas e os seus comportamentos.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián: aprecia a beleza das plantas.

## ***UNIDADE 2: OS SERES VIVOS NO SEU MEDIO***

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Mes de novembro e primeira quincena de decembro.

- Comunidades de seres vivos. Ideas de flora e fauna.
- Idea básica de adaptación.
- Idea básica de ecosistema e os seus elementos.
- Exemplos de ecosistemas.
- Relacións alimentarias nos ecosistemas:
  - Produtores: algas e plantas.
  - Consumidores: os animais.
  - Descompoñedores: fungos e bacterias.
- O equilibrio nos ecosistemas.
- Cambios habituais e naturais nos ecosistemas.
- Cambios que alteran os equilibrios dos ecosistemas.
- O ser humano nos ecosistemas. Cambios introducidos polo ser humano.

- Accións para conservar e recuperar os ecosistemas.
- Espazos naturais protexidos. Como estudar un espazo natural protexido.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural.
- Coidado da estética na elaboración de traballos e presentacións.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Definir flora e fauna dun lugar, e adquirir unha idea de adaptación como conxunto de órganos e mecanismos dos seres vivos que lles permiten satisfacer as súas necesidades e vivir nese lugar.
2. Adquirir unha idea básica de ecosistema, dos seus elementos e dos tipos de ecosistemas que existen, incluídos os xerados polo ser humano.
3. Coñecer as relacións alimentarias nos ecosistemas, clasificar seres segundo o tipo de relación trófica que establecen neles e adquirir a idea de equilibrio dun ecosistema.
4. Identificar e describir cambios que se producen nos ecosistemas, tanto os habituais coma os bruscos que alteran os seus equilibrios.
5. Coñecer as transformacións que realiza e realizou o ser humano nos ecosistemas ao longo do tempo, e as accións que se poden levar a cabo para recuperalos.
6. Coñecer as características dos espazos naturais protexidos e adquirir unha estratexia xeral para estudalos.
7. Comprender a necesidade de protexer os ecosistemas, coñecer accións institucionais de protección que se levan a cabo e asumir pautas de comportamento respectuoso en ámbitos naturais.
8. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os ecosistemas, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosar interese pola lectura de textos sobre os ecosistemas.
9. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre o número de seres vivos dos ecosistemas.
10. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio, aplicala a distintos contextos

e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.

11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no traballo en grupo.

12. Apreciar o valor cultural do patrimonio natural e coidar a estética á hora de elaborar traballos e presentacións.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Define flora, fauna e adaptación, e identifica órganos e comportamentos que lles permiten aos seres vivos desempeñar as súas funcións vitais nos lugares nos que habitan.(CCL, CMCT, CD)

2.1. Identifica e nomea distintos tipos de ecosistemas e os elementos que os forman.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

3.1. Define seres produtores, seres consumidores e seres descompoñedores. Identifica e nomea distintos tipos de seres vivos e clasifícaos segundo a súa posición nas cadeas tróficas.(CCL, CMCT, CD,CAA)

4.1. Define equilibrio dun ecosistema e describe cambios habituais que non alteran o equilibrio e outros que poden alteralo de xeito irreversible.(CCL, CMCT, CD, CSC)

5.1. Identifica e describe accións humanas nos ecosistemas que os modificaron e alteraron os seus equilibrios, e nomea accións para a conservación e a recuperación de ecosistemas.(CCL,CMCT,CD,CAA, CSC,CSIEE)

6.1. Describe as razóns polas que se protexen algúns espazos naturais e sabe as tarefas que se han de realizar para coñecer as características dun espazo natural.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

7.1. Coñece a existencia de animais e de plantas en perigo de extinción. Comprende e asume a necesidade de protexer os ecosistemas naturais, e nomea e caracteriza algunhas formas de protección que se levan a cabo no seu ámbito.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

8.1. Comprende informacións e adquire vocabulario sobre os ecosistemas, as relacións alimentarias... Expressa coñecementos e opinións de forma oral e

escrita, e mostra interese pola lectura sobre os ecosistemas e a súa conservación.(CCL, CMCT, CD, CSC)

9.1. Aplica operacións matemáticas para calcular o número de seres vivos dos ecosistemas.(CCL, CMCT)

10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD,CAA)

11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

12.1. Valora positivamente a importancia cultural do patrimonio natural e coida a estética cando realiza traballos e presentacións. (CCL, CMCT,CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXÍBLES**

1.1. Define flora e fauna e identifica órganos e comportamentos que lles permiten aos seres vivos desempeñar as súas funcións vitais nos lugares nos que habitan.(CCL, CMCT, CD)

2.1. Identifica e nomea distintos tipos de ecosistemas e os elementos que os forman.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

3.1. Identifica seres produtores, consumidores e descompoñedores.(CCL, CMCT, CD,CAA)

5.1. Identifica e describe accións humanas nos ecosistemas e nomea accións para a conservación e a recuperación de ecosistemas.(CCL,CMCT,CD,CAA, CSC,CSIEE)

6.1. Describe as razóns polas que se protexen algúns espazos naturais.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

7.1. Coñece a existencia de animais e de plantas en perigo de extinción. Comprende e asume a necesidade de protexer os ecosistemas naturais.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

8.1. Comprende informacións e adquire vocabulario sinxelo sobre os ecosistemas, as relacións alimentarias... Mostra interese pola lectura sobre os ecosistemas e a súa conservación.(CCL, CMCT, CD, CSC)

11.1. Mostra unha actitude emprendedora e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

12.1. Valora positivamente a importancia cultural do patrimonio natural e coida a estética cando realiza traballos e presentacións. (CCL, CMCT,CCEC)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Expresar oralmente, de xeito ordenado, calquera tipo de información: explícalle a un compañeiro que é un cambio habitual nun ecosistema.
- *Plan lector:* Gozar coa lectura: le a lectura inicial «A invisible vida da marisma» e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura: explica por que os cambios no medio poden provocar a destrución dos ecosistemas.

### ***Competencia dixital***

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade: busca información, en páxinas fiables, sobre un animal ou unha planta que se acha en perigo de extinción en España.

### ***Aprender a aprender***

- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...: interpreta cambios nos ecosistemas e identifica as causas que os producen.
- *Intelixencias múltiples:* Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: opina razoadamente e participa de forma activa nas tarefas de aprendizaxe cooperativa.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Involucrarse e promover accións cun fin social: propón medidas de protección dos ecosistemas.
- *Educación en valores:* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: valora positivamente as accións de protección de espazos naturais e as que evitan a desaparición de especies en perigo de extinción.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos: realiza, en grupo e repartindo tarefas, un estudo dun ecosistema.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: debuxa unha alga, un protozoo e unha bacteria coidando a estética do debuxo.

## ***UNIDADE 3: A NUTRICIÓN HUMANA***

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda, terceira e cuarta semana de xaneiro e primeira quincena de febreiro.

- Nutrientes e alimentos.
- A auga e a fibra na nutrición.
- Tipos de alimentos segundo o seu contido en nutrientes.
- Obtención de nutrientes: aparato dixestivo e proceso da dixestión.
- A dieta.
- A dieta saudable.
- A dieta mediterránea e a atlántica: características e importancia.
- Normas de hixiene alimentaria.
- Estratexias básicas para facilitar a dixestión e mellorar a dieta.
- Valoración da importancia da alimentación e adquisición de pautas para avaliar e elaborar axudas e menús.
- O aparato respiratorio, os seus órganos e as súas funcións.
- Os movementos respiratorios.
- O proceso da respiración.
- O aparato circulatorio, os seus órganos e as súas funcións.



- O latexo cardíaco.
- A circulación do sangue. Ideas básicas.
- O aparato excretor, os seus órganos e as súas funcións.
- Formación e excreción dos ouriños.
- As glándulas sudoríparas. Formación e excreción da suor.
- Integración dos procesos da función de nutrición.
- Utilización de láminas e debuxos para a localización de órganos e aparatos.
- Normas básicas de hixiene e saúde dos aparatos respiratorio, circulatorio e excretor.
- Exercicios e estratexias básicas para manter a saúde na nosa función de nutrición.
- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas.
- Comprensión da realidade e exercicio dunha cidadanía construtiva e respectuosa coa saúde propia e coa colectiva.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre a composición e funcionamento do corpo humano, e sobre a importancia das análises de sangue e de ouriños.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplicala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar os problemas, traballar en grupo e defender opinións, e para desenvolver comportamentos e hábitos saudables de vida.
- Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural e a gastronomía.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Diferenciar alimento de nutriente, nomear os nutrientes e coñecer os alimentos que os conteñen, e a importancia da auga e da fibra na nutrición.
2. Coñecer tres grupos de alimentos segundo o seu contido en nutrientes e clasificar e identificar alimentos.
3. Afianzar a idea da dixestión como proceso, identificar e nomear os órganos do aparato dixestivo e coñecer as tarefas que realizan.
4. Adquirir a idea de dieta e coñecer as características dunha dieta saudable.
5. Identificar, localizar e nomear os órganos do aparato respiratorio, coñecer as funcións que realizan e describir como se leva a cabo o proceso da respiración.
6. Identificar, localizar e nomear órganos do aparato circulatorio, coñecer as funcións que realizan e describir de xeito sinxelo como se leva a cabo o proceso da circulación do sangue.
7. Identificar, localizar e nomear os órganos do aparato excretor, coñecer as funcións que realizan e describir como se leva a cabo o proceso da excreción no aparato excretor e nas glándulas sudoríparas.
8. Coñecer e incorporar normas, estratexias e hábitos de coidado dos aparatos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
9. Integrar accións de hixiene e saúde orientadas a fomentar a correcta realización da función de nutrición.
10. Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre a alimentación, a dixestión e os procesos de respiración, circulación e excreción. Expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos sobre o funcionamento do corpo humano.
11. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre as doazóns de sangue.
12. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.
13. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no

traballo en grupo.

14. Apreciar a importancia cultural da gastronomía e coidar a estética á hora de realizar traballos.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Define alimento e nutriente. Nomea os nutrientes máis importantes e identifica alimentos que os conteñen. Describe a importancia da auga e da fibra na nutrición. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

2.1. Nomea tres grupos de alimentos e identifica e clasifica alimentos frecuentes. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC)

3.1. Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato dixestivo, e describe algunhas das tarefas que realizan. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

3.2. Define dixestión e describe as fases en que se realiza, nomeando os órganos que participan en cada unha. (CCL, CMCT, CD, CAA)

4.1. Define dieta e describe as características dunha dieta saudable. Aplica coñecementos para confeccionar unha dieta saudable. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

4.2. Describe características da dieta mediterránea e a atlántica e os seus valores. (CCL, CMCT, CD, CSC, CCEC)

5.1. Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato respiratorio, e describe as tarefas que realizan no proceso da respiración. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC)

6.1. Nomea os órganos que forman o aparato circulatorio, coñece a estrutura básica do corazón, e describe o latexo cardíaco e as súas consecuencias. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE)

6.2. Describe aspectos básicos da circulación do sangue e os intercambios que se realizan coa súa axuda en diferentes órganos. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE)

7.1. Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato excretor e describe as súas funcións. Define os procesos de formación e excreción dos ouriños e da suor mediante as glándulas sudoríparas e os poros da pel. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

8.1. Comprende os efectos beneficiosos dalgunhas accións de hixiene e coidado dos aparatos estudados, e incorpora estratexias orientadas a coidar a saúde propia.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

9.1. Coñece e explica os efectos beneficiosos da alimentación sa, do exercicio físico, do descanso, da respiración mediante o diafragma...(CCL, CMCT, CD, CAA,CSC, CSIEE)

10.1. Comprende informacións e adquire vocabulario sobre a alimentación, a dixestión e os procesos de respiración, circulación e excreción. Expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos sobre o funcionamento do corpo humano.(CCL, CMCT, CD)

11.1. Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre cantidades de sangue doado por un determinado número de doadores.(CCL, CMCT, CSC)

12.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD,CA)

13.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

14.1. Valora positivamente a importancia cultural da gastronomía e a dieta e coida a estética cando realiza traballos.(CCL, CMCT, CSC, CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Nomea os nutrientes máis importantes e identifica alimentos que os conteñen. Describe a importancia da auga e da fibra na nutrición. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

2.1. Nomea tres grupos de alimentos e identifica e clasifica alimentos frecuentes. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC)

3.1. Identifica e nomea os órganos do aparato dixestivo e describe algunhas das tarefas que realizan. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

4.1. Coñece a importancia dunha dieta saudable.(CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE)

5.1. Identifica e nomea os órganos do aparato respiratorio e describe as tarefas que realizan no proceso da respiración. (CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC)

- 6.1. Identifica os órganos que forman o aparato circulatorio e coñece a estrutura básica do corazón.(CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE)
- 6.2. Describe aspectos básicos da circulación do sangue e os intercambios que se realizan coa súa axuda en diferentes órganos.(CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE)
- 7.1. Identifica e nomea os órganos do aparato excretor e describe as súas funcións. CCL, CMCT, CD, CAA,CSC, CSIEE)
- 8.1. Comprende os efectos beneficiosos dalgunhas accións de hixiene e coidado dos aparatos estudados.(CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)
- 9.1. Coñece e explica os efectos beneficiosos da alimentación sa, do exercicio físico, do descanso,...(CCL, CMCT, CD, CAA,CSC, CSIEE)
- 10.1. Comprende informacións e adquire vocabulario sinxelo sobre a alimentación, a dixestión e os procesos de respiración, circulación e excreción. CCL, CMCT, CD)
- 13.1. Mostra unha actitude emprendedora e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)
- 14.1. Valora positivamente a importancia cultural da gastronomía e a dieta e coida a estética cando realiza traballos.(CCL, CMCT, CSC, CCEC)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, as normas ortográficas e as gramaticais para elaborar textos escritos.
- *Plan lector:* Gozar coa lectura: le a lectura inicial «A invisible vida da marisma» e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico: aplica hábitos de vida saudables.

### ***Competencia dixital***

- Empregar distintas fontes para a busca de información: investiga, utilizando medios informáticos, sobre a dentición «de leite».

### ***Aprender a aprender***

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe: integra as aprendizaxes dos aparatos que levan a cabo a función de nutrición.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: emprega o método científico ao realizar a análise das graxas de determinados alimentos, promovendo o desenvolvemento da súa intelixencia natural e científica.

### **Competencias sociais e cívicas**

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas: valora a opinión dos seus compañeiros sobre os gustos na alimentación.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: fai un consumo responsable dos alimentos e non tira ao lixo alimentos en bo estado.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo: participa activamente e de forma responsable ao realizar actividades en grupo.

### **Conciencia e expresións culturais**

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico: aprecia a dieta mediterránea e recoñécea como parte do patrimonio natural e cultural.

## **UNIDADE 4: A RELACIÓN HUMANA**

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda de febreiro e mes de marzo.

- A función de relación. Fases e procesos implicados.
- Sentido da vista ou visión. O ollo, as súas partes, percorridos de sinais e percepción no cerebro.
- Sentido da audición ou oído. O oído, as súas partes, percorridos de sinais e

percepción no cerebro.

- Sentidos do gusto, do olfacto e do tacto. Órganos encargados de captar estímulos, percorridos de sinais e percepción no cerebro.
- Aparato locomotor. Funcións que realiza.
- O esqueleto. Composición e funcións. Articulacións.
- A musculatura. Tipos de músculos. Funcións.
- Alteracións na función de relación. Linguaxes especiais: braille e linguaxe de signos.
- Accións nos ámbitos urbanos destinadas a facilitar o desprazamento e o acceso a persoas con alteracións na función de relación.
- Pautas para coidar os órganos dos sentidos e o aparato locomotor.
- Interpretación de imaxes e descrición de procesos relacionados coa percepción e co movemento.
- Valoración e respecto polas persoas afectadas por alteracións na súa percepción sensorial ou na súa mobilidade.
- Disposición favorable para integrar medidas e accións que faciliten a accesibilidade nos ámbitos urbanos.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.
- Coñecemento e uso de materiais, técnicas e recursos expresivos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Coñecer, identificar e describir os procesos implicados na función de relación.
2. Nomear e identificar en imaxes as partes do ollo e do oído, coñecer as súas funcións e describir os percorridos dos sinais ata que se producen a visión e a audición.
3. Nomear e identificar en imaxes os órganos dos sentidos do gusto, do olfacto e do tacto. Describir os percorridos dos sinais ata que se producen as sensacións.
4. Coñecer a composición e as funcións do aparato locomotor.
5. Coñecer e aplicar pautas para o coidado dos órganos dos sentidos e do

aparato locomotor.

6. Coñecer linguaxes desenvolvidas para persoas cegas ou xordas e accións e medidas realizables no ámbito urbano, destinadas a mellorar a mobilidade de persoas con dificultade sensorial ou motora.

7. Realizar experiencias de observación e interpretación de imaxes sobre órganos dos sentidos e o aparato locomotor.

8. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os órganos dos sentidos e o aparato locomotor, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosar interese pola lectura de textos sobre a función de relación.

9. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre os órganos dos sentidos.

10. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.

11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no traballo en grupo.

12. Elaborar traballos con sentido estético, e coñecer e usar técnicas e recursos expresivos.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Nomea procesos da función de relación e identifícaos e describe nas accións propias. (CCL, CMCT, CD, CSIEE)

2.1. Nomea as partes do ollo e describe as funcións que realizan. Explica os percorridos de sinais ata que se produce a sensación de ver. (CCL, CMCT, CD)

2.2. Nomea as partes do oído, localízaas en imaxes e describe as funcións que realizan. Explica os percorridos de sinais ata que se produce a sensación de oír. (CCL, CAA, CSIEE)

3.1. Nomea os órganos dos sentidos do gusto, do olfacto e do tacto; localízaos en imaxes e no propio corpo, e describe os procesos de percepción asociados. (CCL, CMCT, CD)

4.1. Describe a composición do aparato locomotor e as súas funcións. Coñece



as relacións básicas entre o aparato locomotor e o cerebro. Asume e describe pautas que favorecen a función de relación. (CCL, CMCT, CD,CSIEE)

4.2. Nomea, localiza e identifica en imaxes os ósos e as articulacións máis importantes do corpo humano.(CCL, CMCT, CD, CAA)

4.3. Describe o funcionamento dos músculos. Nomea, localiza e identifica en imaxes os músculos máis importantes do corpo humano.(CCL, CMCT, CD, CAA)

5.1. Coñece algunhas formas para o coidado dos órganos dos sentidos e do aparato locomotor e aplícaas. Utiliza medidas de seguridade para evitar lesións nestas partes do corpo. (CCL, CMCT, CD,CSIEE)

6.1. Coñece e explica a importancia das linguaxes braille e de xordos. Identifica e describe accións no ámbito urbano que facilitan a mobilidade: rebaixas de beirarrúas, sinais luminosos e acústicos, rampas... (CCL,CMCT, CD,CSC,CSIEE)

7.1. Interpreta e identifica, en imaxes e na realidade, experiencias cos órganos dos sentidos e co aparato locomotor. (CCL, CMCT, CD)

8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os órganos dos sentidos e o aparato locomotor, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos sobre a función de relación. (CCL, CMCT, CD)

9.1. Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre os órganos dos sentidos. (CCL, CMCT)

10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD, CAA)

11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL,CMCT, CD,CSC,CSIEE)

12.1. Utiliza códigos e recursos para expresar con signos palabras de uso cotián. (CCL,CMCT,CSIEE,CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Nomea procesos da función de relación e identifícaos. (CCL, CMCT, CD, CSIEE)

2.1. Identifica as partes do ollo e describe as funcións que realizan. (CCL, CMCT, CD)

2.2. Identifica as partes do oído e describe as funcións que realizan. (CCL, CAA, CSIEE)

3.1. Nomea os órganos dos sentidos do gusto, do olfacto e do tacto; localízalos en imaxes e no propio corpo. (CCL, CMCT, CD)

4.1. Describe a composición do aparato locomotor e as súas funcións. (CCL, CMCT, CD, CSIEE)

4.2. Identifica en imaxes algúns ósos e articulacións máis importantes do corpo humano. (CCL, CMCT, CD, CAA)

4.3. Coñece o funcionamento dos músculos. Identifica en imaxes algúns deles. (CCL, CMCT, CD, CAA)

5.1. Utiliza medidas de seguridade para evitar lesións nestas partes do corpo. (CCL, CMCT, CD, CSIEE)

6.1. Coñece e explica a importancia das linguaxes braille e de xordos. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

8.1. Comprende informacións e adquire vocabulario sinxelo sobre os órganos dos sentidos e o aparato locomotor. (CCL, CMCT, CD)

11.1. Mostra unha actitude emprendedora e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros ou en diversas situacións comunicativas: expresa mediante os seus propios signos as palabras elefante, almorzo e coche.
- *Plan lector*: Gozar coa lectura: le a lectura inicial e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico: utiliza medidas de protección axeitadas cando practica deporte.

### ***Competencia dixital***

- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación: comprende a información das campañas de prevención de accidentes de tráfico realizadas en diferentes medios de comunicación e usa algunhas medidas de protección como o casco, o cinto de seguridade...

### ***Aprender a aprender***

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos: utiliza a súa propia experiencia para describir os procesos de percepción.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: Utiliza o corpo e os órganos dos sentidos para comprender como se leva a cabo a función de relación, promovendo o desenvolvemento das intelixencias corporal-cinestésica e musical, especialmente.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades: é respectuoso e solidario coas persoas que teñen algunha minusvalía sensorial ou motora.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: axúdalles aos compañeiros que teñen mobilidade reducida.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas: inventa algunha medida na súa localidade para axudarlles ás persoas con mobilidade reducida.

### ***Conciencia e expresións culturais***

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos: utiliza o seu corpo para expresarse e comunicarse con outra persoa.

## ***UNIDADE 5: A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS***

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Mes de abril e primeira semana de maio.

- Propiedades xerais da materia: masa e volume.
- Unidades, instrumentos e procedementos básicos para medir masas e volumes dos corpos.
- Estados da materia e propiedades dos estados.
- Experiencias para percibir as propiedades destes estados.
- Outras propiedades da materia: idea básica de densidade, propiedades sensoriais, dureza, elasticidade, flexibilidade...
- Materias primas e algúns materiais elaborados importantes: madeira, vidros, plásticos, metais, fibras e combustibles.
- As forzas e os seus efectos.
- Tipos de forzas: por contacto e acción a distancia (gravitatorias e magnéticas).
- A masa e o peso.
- Idea de enerxía.
- Formas da enerxía.
- Transferencia e transformacións da enerxía.
- Fontes de enerxía.
- Algunhas consecuencias derivadas do alto consumo dalgunhas fontes de enerxía.
- A luz e as súas fontes.
- Características da luz.
- Comportamento dos materiais ante a luz: corpos opacos, translúcidos e transparentes.
- Luz e sombras nos corpos opacos.
- A reflexión da luz.
- A refracción da luz.
- A descomposición da luz.

- A cor.
- Estratexias para reducir o consumo de materiais e de enerxía.
- Xeración de cores a partir das cores fundamentais.
- Composición da luz branca. Disco de Newton.
- Realización de experiencias para observar formas de enerxía, transferencias e transformacións.
- Realización de experiencias para estudar características da luz e os fenómenos luminosos.
- Utilización coidadosa e responsable de instrumentos, substancias e materiais.
- Comprensión de informacións e experiencias, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas e nos procesos de medición.
- Coñecemento e utilización responsable das TIC ao investigar sobre a materia, as materias primas, os seus usos e os procesos de obtención de materiais elaborados.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplicala en distintos contextos.
- Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar problemas, traballar en grupo e defender opinións, e para desenvolver comportamentos respectuosos co ámbito.
- Conciencia sobre a produción de residuos e lixos nas actividades humanas.
- Elaboración de presentacións e traballos con sentido estético.
- Aprecio da beleza na natureza e no cotián.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Definir masa e volume dun corpo, e coñecer e usar unidades e

procedementos para medilos.

2. Coñecer, identificar e describir características básicas dos estados da materia.
3. Coñecer e identificar nos materiais algunhas propiedades específicas da materia.
4. Coñecer e caracterizar algunhas materias primas e a súa procedencia.
5. Identificar e nomear produtos elaborados e recoñecer as materias primas das que proceden. Coñecer algúns procesos para obtelos.
6. Adquirir unha idea básica de que son as forzas e coñecer os efectos que producen na materia.
7. Coñecer, identificar e caracterizar forzas por contacto e forzas a distancia: gravidade e magnetismo.
8. Identificar e nomear as distintas formas nas que se manifesta a enerxía e algúns fenómenos nos que é posible apreciála.
9. Describir transferencias e transformacións da enerxía en fenómenos do ámbito.
10. Coñecer as características da luz e identificalas en experiencias e fenómenos do ámbito.
11. Describir o comportamento da luz ante os corpos.
12. Comprender as características básicas dos fenómenos luminosos e como se produce a cor, e identificalos en experiencias e fenómenos do ámbito.
13. Adquirir e afianzar pautas para reducir o consumo de materiais e de enerxía.
14. Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre os materiais, as forzas e a luz. Expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos sobre os materiais.
15. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para coñecer a masa e o volume dun corpo, e resolver problemas sobre os residuos orixinados nas actividades domésticas.
16. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.
17. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de

defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no traballo en grupo.

18. Apreciar a beleza na natureza e no cotián, e coidar a estética na elaboración de traballos.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Define masa e volume, coñece unidades usuais de masa e de volume, e describe procedementos para coñecer a masa e o volume de sólidos e líquidos. (CCL, CMCT, CD)

2.1. Identifica e describe propiedades asociadas aos estados da materia. (CCL, CMCT, CD)

3.1. Adquire unha idea básica de densidade e aplícaa para determinar a flotabilidade de obxectos na auga. (CCL, CMCT, CD)

3.2. Identifica, nomea e describe propiedades específicas dos materiais: dureza, elasticidade, flexibilidade, resistencia e transparencia. (CCL, CMCT, CD)

4.1. Define materia prima, nomea materias primas e coñece as súas procedencias. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

5.1. Define material elaborado, identifica e nomea materiais elaborados do ámbito, e describe algunhas orixes e procesos de obtención destes materiais: vidros, plásticos, metais... (CCL, CMCT, CD, CAA)

6.1. Define forza e describe os efectos que pode producir nos corpos. (CCL, CMCT, CD)

7.1. Define e caracteriza a forza da gravidade, explica que é o peso dun corpo e coñece as partes dun imán, os efectos sobre outro e sobre os obxectos de ferro. (CCL, CMCT, CD)

8.1. Describe cambios e fenómenos nos que se manifestan distintas formas de enerxía. (CCL, CMCT, CD, CAA)

9.1. Analiza fenómenos nos que se producen transferencias e transformacións de enerxía, identificando distintas formas. (CCL, CMCT, CD)

10.1. Identifica e describe características da luz (propagación e rapidez) en experiencias e fenómenos do seu ámbito. (CCL, CMCT)

11.1. Describe o comportamento da luz nos corpos transparentes, translúcidos e opacos. (CCL, CMCT, CD)

12.1. Define e caracteriza a reflexión, a refracción e a descomposición da luz, e explica como se produce a cor dos obxectos. (CCL, CMCT, CD, CCEC)

13.1. Describe accións para aforrar materiais e enerxía na aula e incorpora pautas orientadas a conseguilo. (CCL, CMCT, CD, CSIEE)

14.1. Comprende informacións; adquire vocabulario sobre os materiais, as forzas e a luz; expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura de textos sobre os materiais. (CCL, CMCT, CD)

15.1. Aplica operacións matemáticas para medir a masa e o volume dos corpos, e resolver problemas sobre os residuos orixinados nas actividades domésticas. (CCL, CMCT, CD)

16.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD, CAA)

17.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

18.1. Recoñece a beleza na natureza e coida a estética á hora de realizar traballos. (CCL, CMCT, CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Coñece unidades usuais de masa e de volume e a masa e o volume de sólidos e líquidos. (CCL, CMCT, CD)

2.1. Identifica propiedades asociadas aos estados da materia. (CCL, CMCT, CD)

4.1. Identifica e nomea materias primas e coñece as súas procedencias. (CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE)

5.1. Identifica e nomea materiais elaborados do ámbito. (CCL, CMCT, CD, CAA)

6.1. Describe os efectos que pode producir a forza nos corpos. (CCL, CMCT, CD)

7.1. Explica que é o peso dun corpo. (CCL, CMCT, CD)

13.1. Describe accións para aforrar materiais e enerxía na aula. (CCL, CMCT,



CD, CSIEE)

17.1. Mostra unha actitude emprendedora e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT, CD,CSC, CSIEE)

18.1. Recoñece a beleza na natureza e coida a estética á hora de realizar traballos. (CCL, CMCT,CCEC)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...: dialoga cos seus compañeiros sobre o significado das palabras resaltadas da lectura inicial, respectando as normas de comunicación.
- *Plan lector*: Gozar coa lectura: le a lectura inicial e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura: reflexiona sobre a importancia das plantas de desmantelamento para a reciclaxe de materiais.

### ***Competencia dixital***

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria: visualiza os recursos dixitais asociados ao contido da unidade.

### ***Aprender a aprender***

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se realizarán no proceso de aprendizaxe: experimenta coa auga (propiedades, mesturas, densidade e cambios de estado).
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: realiza os experimentos propostos promovendo o desenvolvemento da súa intelixencia lóxico-matemática, especialmente.

### **Competencias sociais e cívicas**

- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas: valora positivamente a opinión dos seus compañeiros nas actividades de traballo cooperativo.
- *Educación en valores*: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: comprométese co uso responsable dos recursos naturais para favorecer un desenvolvemento sustentable.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas: propón medidas para reducir a cantidade de lixo xerado.

### **Conciencia e expresións culturais**

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico: recoñece o beneficio que ten para a calidade de vida das persoas o uso dos materiais.

## **UNIDADE 6: AS MÁQUINAS E A TECNOLOXÍA**

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Segunda, terceira e cuarta semana de maio e primeira quincena de xuño.

- Idea de máquina.
- Tipos de máquinas segundo a enerxía que usan para funcionaren.
- Operadores e funcións que desempeñan.
- Operadores básicos ou máquinas simples e o seu funcionamento: roda, rolo, polea, plano inclinado ou rampla e pancas.
- Mecanismos e os seus operadores: eixe, engrenaxe, correas e cadeas.
- Motores térmicos e eléctricos. Aspectos básicos do seu funcionamento.
- Fontes de enerxía. Fontes de enerxía renovables e non-renovables.

- Algunhas consecuencias derivadas do alto consumo de determinadas fontes de enerxía.
- Proxecto de construción dunha máquina: a catapulta.
- Investigación sobre descubrimentos e invencións relevantes e as persoas que os realizaron.
- Realización de experiencias para observar a estrutura e o funcionamento de motores e operadores.
- Valoración das achegas tecnolóxicas polos seus efectos no progreso das sociedades.
- Utilización coidadosa e responsable de obxectos e materiais de uso común.
- Comprensión de informacións e experiencias, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación, e actitude favorable cara á lectura.
- Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos na resolución de problemas e na planificación de proxectos.
- Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre a vida e os descubrimentos científicos e tecnolóxicos.
- Uso de estratexias para tratar a información, transformala en coñecemento propio e aplicala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e perseveranza á hora de realizar observacións, afrontar problemas, traballar en grupo, propoñer hipóteses e defender opinións.
- Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.
- Coñecemento e uso de recursos artísticos e expresivos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Definir máquina e coñecer tipos de máquinas en relación coa fonte e coa forma de enerxía que usan para funcionaren.
2. Definir operador e identificar e nomear diferentes operadores sinxelos.
3. Identificar, nomear e describir a estrutura e o funcionamento de máquinas

simples, así como a forma en que facilitan o traballo, e recoñecelas en obxectos e ferramentas do ámbito.

4. Identificar, nomear e describir as funcións de operadores como eixes, engrenaxes, cadeas e correas, así como os tipos de motores (térmicos e eléctricos) e o seu funcionamento.

5. Comprender as fases dun proxecto de construción dunha máquina e participar activamente na súa realización.

6. Coñecer e valorar os descubrimentos científicos e as invencións tecnolóxicas pola súa contribución no progreso das sociedades e na mellora da calidade de vida das persoas.

7. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre as máquinas e os operadores, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosar interese pola lectura de textos sobre máquinas e tecnoloxía.

8. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para deseñar máquinas.

9. Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.

10. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de colaboración e respecto no traballo en grupo.

11. Utilizar recursos artísticos e expresivos, e realizar traballos con sentido estético.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Define máquina e identifica a forma e a fonte de enerxía que usan distintas máquinas do ámbito para funcionaren. (CCL, CMCT, CD)

2.1. Define operador e identifica e nomea operadores frecuentes, describindo a función que desempeñan. (CCL, CMCT, CD)

3.1. Identifica, nomea e describe o funcionamento de rodas, rolos, poleas,

planos inclinados e pancas sinxelas. (CCL, CMCT, CD, CCEC)

3.2. Identifica máquinas sinxelas e operadores básicos en obxectos e instrumentos de uso común, e describe o xeito en que facilitan ou fan máis eficaces as tarefas humanas. (CCL, CMCT, CD,CSIEE)

4.1. Identifica, nomea e describe as funcións e o funcionamento de eixes, engrenaxes, cadeas e correas. (CCL, CMCT, CD, CCEC)

4.2. Describe como funcionan os motores térmicos e eléctricos e identifica máquinas do ámbito que os conteñen. (CCL, CMCT, CD,CSC,CSIEE)

5.1. Coñece as fases do proxecto de construción dunha catapulta e participa activa e respectuosamente na execución. (CCL, CMCT, CSC,CAA,CSIEE)

6.1.Coñece e valora as consecuencias da utilización de máquinas na realización eficaz das tarefas humanas e na diminución do esforzo das persoas. (CCL, CMCT,CD,CSC)

7.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre as máquinas e os operadores, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura de textos sobre máquinas e tecnoloxía. (CCL, CMCT, CD)

8.1. Aplica estratexias matemáticas para deseñar unha catapulta. (CCL, CMCT, CAA)

9.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. (CCL, CMCT, CD,CAA)

10.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT,CD,CSC,CSIEE)

11.1. Constrúe unha sinxela catapulta coidando a estética. (CCL, CMCT, CSIEE,CCEC)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.1. Identifica a forma e a fonte de enerxía que usan distintas máquinas do ámbito para funcionaren. (CCL, CMCT, CD)

3.1. Identifica e describe o funcionamento de rodas, rolos, poleas, planos inclinados e pancas sinxelas. (CCL, CMCT, CD, CCEC)

3.2. Identifica máquinas sinxelas e describe o xeito en que facilitan as tarefas humanas. (CCL, CMCT, CD,CSIEE)

6.1.Coñece e valora as consecuencias da utilización de máquinas na

realización eficaz das tarefas humanas e na diminución do esforzo das persoas. (CCL, CMCT,CD,CSC)

10.1. Mostra unha actitude emprendedora e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa. (CCL, CMCT,CD,CSC,CSIEE)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información: fai un remuíño de ideas respectando a quenda de palabra.
- *Plan lector*: Gozar coa lectura: le a lectura inicial e os textos recomendados no plan lector.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá: valora positivamente a invención dalgunhas máquinas para facilitar determinadas tarefas.

### ***Competencia dixital***

- Empregar distintas fontes para a busca de información: Utiliza medios informáticos para investigar sobre as vantaxes e inconvenientes dos coches eléctricos.

### ***Aprender a aprender***

- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos: fai un esquema sobre as enerxías non-renovables.
- *Intelixencias múltiples*: Desenvolver as distintas intelixencias múltiples: constrúe unha máquina, desenvolvendo especialmente a súa intelixencia espacial.

### ***Competencias sociais e cívicas***

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos: dialoga e respecta a opinión dos seus compañeiros ao realizar un remuíño de ideas sobre a importancia das máquinas.

- *Educación en valores:* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: valora a contribución á sociedade dos inventores e das inventoras.

#### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas: achega ideas para a realización dun proxecto.

#### ***Conciencia e expresións culturais***

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético: debuxa un utensilio semellante a unha panca coidando a estética.

# PLÁSTICA

### **3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE PLÁSTICA**

1. Discriminar os elementos distintivos do cartel.
2. Realizar composicións con imaxes.
3. Coñecer diferentes tipos de cine.
4. Realizar operacións con unidades de medida.
5. Utilizar o compás para representar figuras xeométricas.
6. Representar en planos o seu contorno cercano.
7. Utilizar a escuadra e o cartabón para o debuxo de ángulos.
8. Recoñecer a simetría en figuras dadas.
9. Recoñecer a idea de cor secundaria.
10. Expresar e narrar experiencias artísticas.
11. Valorar a función histórica do retrato.
12. Realizar debuxos con grafito.

### **4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos van clasificados en tres bloques:

### **Bloque 1. Educación audiovisual.**

- Imaxe fixa: o cartel
- Imaxe dixital: incorporación de textos.
- O cine de animación: tipos.

### **Bloque 2. Debuxo xeométrico.**

- Realización de medicións de segmentos.
- Sumar e restar segmentos.
- Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.
- Os ángulos na escuadra e o cartabón.
- Transformacións xeométricas: simetría central.

### **Bloque 3. Expresión artística.**

- Cor: cores secundarias (verde, vermello e violeta).
- Textura: texturas gráficas e texturas táctiles.
- Temas na pintura: o retrato.
- Técnicas pictóricas: o lapis de grafito.

## **5. COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO**

Estas competencias vanse tratar en todas as áreas. Son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (AA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CEC).



## **6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Estes elementos traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Falaremos deles respectando en todo momento o tratamento específico nalgunhas áreas. Estes son:

1. Comprensión lectora
2. Expresión oral e escrita
3. Comunicación audiovisual.
4. Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
5. Emprendemento.
6. Educación cívica e constitucional.

## **7. CONTIDOS TEMPORALIZADOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR UNIDADES. MÍNIMOS ESIXIBLES. COMPETENCIAS CLAVE RELATIVAS A CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

#### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Meses de setembro, outubro, novembro e decembro.

- Reprodución do rostro humano en cuadrícula e observando a proporción entre ambos debuxos.
- Búsqueda das posibilidades da cor en contrastes, fondos, variacións e combinacións apreciando os resultados da obra plástica.
- Elaboración dun guion de animación: viñetas, diálogos, textos e formato.
- Experimentación das técnicas mixtas (rotulador e papeis de cores) para a creación dunha paisaxe outonal.
- Análise das características da fotografía: temas, tamaño, cor e formato.

- Elaboración dunha ave usando as ceras brandas, observando as súas características e o seu correcto uso.
- Descrición da obra de Van Eyck tendo en conta o uso da perspectiva, a cor e as formas da súa obra.
- Interpretación da información que proporciona as imaxes no contexto social como son os logotipos.
- Exploración das posibilidades e calidades da tinta china como material da obra plástica.
- Uso do compás para o trazado de círculos, trazado das liñas rectas para a realización dunha composición con formas poligonais.
- Construción dunha estrutura usando material reciclado.
- Interés por axustar o proceso de creación individual mediante a elaboración dunha obra tridimensional.
- Selección e uso adecuado dos materiais para a tarefa plástica.
- Utilización das ceras brandas para a creación dunha paisaxe outonal.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Identificar a cuadrícula como referencia para debuxar o rostro humano.
2. Utilizar a cor, a textura, as mesturas e a tonalidade cunha intención comunicativa.
3. Elaborar un guion de animación: viñetas, formato, cor, textura, textos e diálogo.
4. Utilizar e recoñecer os papeis de cores e os rotuladores e as súas diferentes texturas.
5. Analizar as características da fotografía en branco e negro.
6. Coñecer as ceras brandas e a súa técnica básica usada na obra plástica.
7. Recortar e pegar con precisión, para completar un puzle dun famoso artista.
8. Identificar a obra de Van Eyck e observar as características propias do seu cadro.

9. Elaborar un logotipo tendo en conta o efecto comunicativo, as cores, as formas e o texto.
10. Recoñecer e utilizar a técnica da tinta china como medio de estampación dando unha intencionalidade comunicativa.
11. Manexar as ferramentas do debuxo técnico de regra e compás.
12. Realizar composicións con formas poligonais.
13. Crear novas producións utilizando materiais reciclados e as técnicas de coloreado máis adecuadas, para fomentar unha adecuada autonomía.
14. Troquelar e pegar con precisión, creando una figura tridimensional, manexando técnicas de pregado.
15. Recoñecer e utilizar a técnica das ceras brandas para representar unha paisaxe outonal con texturas.
16. Saber planificar e organizar o traballo e coidar os materiais e o espazo de uso.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- 1.1 Utiliza e recoñece a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico para representar o rostro humano. (CMCT, AA)
- 2.1. Identifica a influencia dos fondos de cor. (CL, CEC)
- 2.2. Consegue xerar diferentes sentimentos usando a cor e o volume a través dun debuxo. (CL, CEC)
- 3.1. Interpreta e comenta axeitadamente o guion de animación, xerando unha historia coherente. (CEC, CL, CMCT)
- 4.1. Elabora unha composición integrando os papeis de cores e os rotuladores. (CEC)
- 5.1. Interpreta o contido dunha fotografía en branco e negro. (CL, CEC)

- 6.1. Manexa as ceras brandas e os rotuladores na mesma composición. (CEC)
- 7.1. Identifica unha obra artística dun autor onde se representa a figura humana. E completa o puzle correspondente. (CEC, CMCT)
- 8.1. Coñece ao autor Van Eyck e a súa obra. (CL, CEC)
- 9.1. Realiza un logotipo tendo en conta a cor, tamaño e intención comunicativa. (CEC, CL, CSC)
- 10.1. Manexa a tinta china para representar debuxos utilizando sombreados e liñas. (CEC, AA)
- 11.1. Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas. (CMCT, IE)
- 12.1. Crea un cartel sobre educación vial utilizando sinais de tráfico. (CMCT, CSC)
- 13.1 Crea un volume usando material reciclado. (CSC, AA, CEC)
- 14.1. Realiza unha composición en cartolina con motivos de Nadal. (CSC)
- 15.1 Utiliza as ceras para crear unha paisaxe outonal observando as texturas e os matices da cor. (CSC, CEC)
- 16.1 Desenvolve hábitos de orde, correcto uso e axeitado mantemento dos materiais e instrumentos utilizados. (CSC, AA)

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- 1.1 Utiliza e recoñece a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico para representar o rostro humano. (CMCT, AA)
- 2.1. Identifica a influencia dos fondos de cor. (CL, CEC)
- 3.1. Interpreta e comenta axeitadamente o guion de animación, xerando unha historia coherente. (CEC, CL, CMCT)
- 4.1. Elabora unha composición integrando os papeis de cores e os rotuladores. (CEC)
- 5.1. Interpreta o contido dunha fotografía en branco e negro. (CL, CEC)
- 6.1. Manexa as ceras brandas e os rotuladores na mesma composición. (CEC)
- 11.1. Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas. (CMCT, IE)
- 12.1. Crea un cartel sobre educación vial utilizando sinais de tráfico. (CMCT,

CSC)

14.1. Realiza unha composición en cartolina con motivos de Nadal. (CSC)

15.1 Utiliza as ceras para crear unha paisaxe outonal observando as texturas e os matices da cor. (CSC, CEC)

16.1 Desenvolve hábitos de orde, correcto uso e axeitado mantemento dos materiais e instrumentos utilizados. (CSC, AA)

## **COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Comunicación lingüística***

- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario: ler e comprender os textos explicativos que aparecen nalgunhas tarefas. Usar a linguaxe oral para expresar as sensacións e sentimentos que nos provoca o uso da cor.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.***

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor: uso axeitado das ferramentas básicas do debuxo xeométrico. Observación dunha obra tridimensional desde diferentes ángulos.

### ***Competencia dixital.***

- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos: búsqueda de imaxes en diferentes recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha correcta orde e coidado.

### ***Aprender a aprender.***

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe: confianza na elaboración da súa propia obra artística. Analizar as estratexias axeitadas para a realización duna obra plástica.
- *Intelixencias múltiples*: desenvolver as distintas intelixencias múltiples: relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.

### ***Competencias sociais e cívicas.***

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos: coñecer os dereitos do neno e asimilalos coma un coñecemento fundamental da nosa democracia. Capacidade de resolución dos conflitos na clase de plástica usando os valores da nosa sociedade.
- *Educación en valores*: aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores: aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar a natureza, a ter hábitos saudables e a compartir ideas creativas.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.***

- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema: sentido crítico do resultado da súa obra plástica. Autoavaliación o axeitado uso das técnicas plásticas e da correcta elección en cada unha de elas.

### ***Conciencia e expresións culturais.***

- Elaborar os traballos e as presentacións con sentido estético: valoración e respecto pola obra artística dos diferentes autores traballados na unidade. Creatividade e iniciativa na produción das súas propias tarefas plásticas.

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

### **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Meses de xaneiro, febreiro e marzo.

- Trazado do eixe de simetría en elementos propios do traballo e obras de artesáns.
- Empleo axeitado de termos publicitarios no seu contexto preciso.
- Elaboración dun cartel publicitario despois da observación da obra de Andy Warhol.

- Uso do compás para o trazado de círculos.
- Exploración das cores: saturación, ton e matices; empleando como técnica os lapis de cores.
- Creación dun logotipo para o Día da Paz, empleando a técnica dos rotuladores.
- Búsqueda de información en libros, Internet e medios de comunicación acerca de estilo gótico.
- Descrición da imaxe de estilo gótico usando o vocabulario axeitado.
- Utilización dos lapis de cores para representar as diferentes texturas, posibilidades de cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando o correcto resultado.
- Selección e uso axeitado dos materiais para a creación dun cartel acerca do Entroido.
- Interese por buscar información acerca do autor M.C. Escher e comentar a súa obra.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados na obra de M.C. Escher.
- Reprodución do debuxo dunha vivenda con cambio de escala.
- Construción dunha estrutura.
- Exploración da técnica mixta na obra de M.C. Escher.
- Uso axeitado das témperas para a elaboración dunha produción propia.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Identificar ao eixe de simetría como unha referencia para debuxar.
2. Recoñecer a profesión da artesanía como unha das máis importantes dentro da plástica.
3. Identificar a Andy Warhol como un dos artistas máis importantes do s.XX.
4. Crear un cartel publicitario, tendo en conta a obra do artista Andy Warhol.
5. Usar correctamente o compás para realizar círculos.
6. Utilizar axeitadamente os lapis de cores para crear tons, texturas e

tonalidades.

7. Diseñar un logotipo para o Día da Paz, apreciando o valor expresivo do logotipo.

8. Recoñecer e identificar o estilo gótico, observando as súas características propias deste estilo e identificándoo coa fotografía da tarefa.

9. Coidar os materiais e usalos correctamente para representar os matices e texturas apropiados.

10. Realizar un cartel usando técnica mixta (papeis de cores, rotuladores...) tendo en conta a sensación e as diferenzas das súas formas.

11. Recoñecer a obra de M.C. Escher e as súas peculiaridades.

12. Realizar descrições axeitadas sobre a obra de M.C. Escher utilizando os termos axeitados.

13. Manexar e utilizar a escala e proporción axeitada para representar un plano dunha vivenda.

14. Crear un collage con materiais reciclados e conseguindo os fins que nos propuxemos.

15. Crear novas producións tridimensionais, manexando as técnicas de pregado e pegado.

16. Usar a técnica mixta na obra de M.C. Escher.

17. Recoñecer e utilizar a técnica das témperas.

18. Saber planificar e organizar o traballo coidando os espazos e materiais.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

1.1. Utiliza e recoñece o eixe de simetría como un elemento que estrutura o espazo gráfico. (CMCT, AA)

2.1. Realiza debuxos de obxectos representativos da artesanía española. (CL, CEC, CSC)

3.1. Analiza o estilo e a composición con elementos repetitivos presente na obra de Andy Warhol. (CEC, CMCT)

